

**Presentado por rexistro de entrada no Concello de Nigrán e na
Delegación de Medio Rural o día 25 de outubro de 2007**



D. ----- con D.N.I. nº -----, con domicilio na Rúa ----- de Nigrán, como representante legal da Asociación de Defensa Medioambiental Salvemos Monteferro, e en nome dela, mediante o presente escrito

EXPÓN

Que para esta Asociación é motivo de gran alarma a aparición nestas semanas dun gran número de árbores marcadas con distintos cores e numeracións en distintas zonas de Monteferro. A inmensa maioría das árbores marcadas son pinos adultos pero tamén hai entre elas algúns eucaliptos.

Que no sur do monte, na zona do lavadoiro, están marcados só un número relativamente baixo de pinos, que se corresponde con aqueles secos ou demasiado xuntos, marcas que dan idea dunha acción de rareo ou entresaca que podemos considerar razoable.

Que con idénticas marcas e numeradas aparecen centos de árbores na antiga zona militar:

- a)** Entrando pola pista que dá acceso a estas instalacións, e xa antes de chegar a elas, atopamos un grupo de pinos sinalados en color verde e numerados. O número máis alto que atopamos neste lugar é o **48**.
- b)** Pouco máis adiante, xusto antes da entrada ós cuarteis, aparece outro gran grupo de pinos adultos marcados en encarnado, aquí chegamos ver como número maior o **110**.
- c)** Seguindo o camiño e pasada a explanada do antigo campamento militar e a garita, a man esquerda do camiño unha gran masa de árbores (todos os que alí hai) está marcada en vermello. O 99% son pinos adultos pero aparece numerado tamén algún eucalipto e pinos novos. O número maior visto aquí é o **186**.

Que tamén hai un gran número de árbores marcadas noutras zonas: lindeiros co citado campamento hai un gran grupo de pinos adultos sinalado e numerado en verde; entre este lugar e os cuarteis están marcadas en distintas cores, na carreteira de subida e no cumio en verde ou en encarnado, etc.

Que descoñecemos o significado e obxecto destas marcas, pero, dados os precedentes, nos producen fonda preocupación. Non entendemos que sentido ten contar as árbores, e menos cando se inclúen especies diferentes. A non ser que se trate do que tememos: Unha nova corta ilegal que contraviría o estipulado nas vixentes Normas Subsidiarias do Concello de Nigrán que expresamente prohiben “*la tala de arbolado que no se haga por entresaca*” (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra Número: 271, do 23 de Novembro de 1.991, páxina 40). Queremos resaltar aquí que cando se dictaron estas Normas, como tamén agora, a masa forestal de Monteferro estaba composta por pinos, eucaliptos e acacias, polo que non cabe, como alguén ten dito, facer distincións entre especies á hora de esixir o seu estricto cumprimento.

Que, de tratarse dunha corta ilegal, daría como resultado a creación de novas calvas no monte, algunha delas (a maior, citada máis arriba no apartado c) estaría unida á extensa zona deforestada ilegalmente hai case dous anos na ladeira sur, onde agora os abundantísimos brotes de acacias e eucaliptos afofan ós poucos plantóns de pino que sobreviviron ata aquí.

Que non cabe deixar no esquecemento as declaracións do presidente da Comunidade de Montes (recollidas en grandes titulares polo Faro de Vigo do 13/12/2005): "Hai que pelar todo o monte porque a madeira está podre. Farémolo por fases"

Por todo o exposto

SOLICITA

Que esa Concellería se interese pola finalidade e significado desas marcas e, de ser necesario, tome as medidas oportunas para evitar unha nova vulneración da legalidade que, de producirse, causaría un dano grave e irreparable.

Asdo. -----

En Nigrán a 25 de outubro de 2007

**Concellería de Medioambiente
Concello de Nigrán**